



## **GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE AMES**

O Grupo Municipal Socialistas de Ames, e ó abeiro do disposto nos artigos 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentan a consideración do Pleno de Corporación Municipal a seguinte:

### **MOCIÓN**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Non deixa de ser habitual todos os veráns como os lumes atacan os nosos montes. Ano tras ano, verán tras verán os galegos e as galegas asistimos ao dantesco espectáculo dos incendios forestais, de como arden de maneira incontrolada e de xeito discrecional miles de hectáreas en todas as provincias do noso país.

Só no mes de agosto deste ano arderon case 8000 has. e 13000 has. nos oito primeiros meses do ano. 15367 has. no ano 2012, 42392 has. no 2011 ou as 96000 has. do fatídico ano 2006. Estes datos só nos amosan unha realidade á que ningún goberno foi capaz de poñerlle freo e ante a cal os propios cidadáns e cidadás nos resignamos ano tras anos, amosando a nosa indignación cando vemos a barbaridade medioambiental que acontece e comprobamos ou sufrimos como o lume se leva por diante as nosas propiedades e remata durante anos cun dos tesouros máis importantes que temos os galegos e as galegas: o noso monte.

Ningún concello queda libre dos incendios en Ames este ano tivemos varios incendios en Ortoño, A Ameixenda ou Castiñeiro do Lobo, e, en anos anteriores tamén sufrimos as consecuencias do lume.

As causas que ocasionan estes lumes son variadas e os expertos coinciden en que na maioría dos casos están a man do home detrás (causas antropoxénicas), ben sexa por negligencia, por accidente ou intencionados. Aínda que tamén, en ocasións, se producen por causas naturais, pero son as menos, en torno a un 5%.

O monte é un sector estratéxico para a sustentabilidade ecolóxica e social de Galicia. E os incendios causan graves prexuízos ambientais, sociais e económicos e son un dos principais problemas da nosa terra. Por iso, é necesario que todos tomemos conciencia do que está a supoñer para o noso país este atentado medioambiental que acontece ano tras ano e que nos últimos 25 anos arrasou con 500.000 has. de monte, das que preto de 200.000 has. eran en arborado.

É polo tanto o momento de que todas as forzas políticas afronten este problema con seriedade e responsabilidade e deixen de usar os incendios como arma política para atacar ao adversario, posto que quedou demostrado que atacando, criticando e descualificando

non conseguiu rematar con esta lacra, a pesares de que a responsabilidade dos lumes forestais foi desenvolvida por máis dun partido político.

A necesidade de acordos e pactos para loitar eficazmente contra os incendios forestais é imperiosa, e polo tanto a toma de medidas que leven consigo o consenso real e efectivo de todos: partidos políticos, asociacións e colectivos medioambientais, sindicatos agrarios, profesionais, etc.

Polo tanto, e despois de todo o exposto é polo que, solicitamos que o pleno da Corporación de Ames adopte os seguintes acordos:

1º.- Instamos á Xunta de Galicia ao seguinte:

- A considerar os incendios forestais coma un problema de país.
- Facer que se aplique de forma efectiva a Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia e que se obrigue aos entes públicos e aos propietarios privados ao cumprimento exhaustivo da mesma, facendo inspeccións periódicas que permitan un control real.

2º.- Instar ao Parlamento de Galicia ao seguinte:

- Convocar unha comisión de traballo na que se participen todos os sectores implicados para que aporten as súas propostas para loitar contra os incendios forestais.
- Elaborar por consenso de todas as forzas políticas unhas conclusións reais e efectivas para realizar unha loita eficaz e responsable contra os incendios forestais.

3º.- Dar traslado deste acordo a todos os partidos políticos con representación parlamentaria para que tomen conciencia da necesidade dun gran acordo político para loitar conxuntamente contra a lacra dos incendios forestais.

Ames, 13 de Setembro de 2013



Asdo. José Miñones Conde  
Voceiro do Grupo Municipal Socialista

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DE AMES